


V CURTAS ARMADIÑA

BASES PARA PARTICIPACIÓN



CONDICIÓNS XERAIS

O V Curtas Armadiña terá lugar en Poio do día **11 ao 17 de novembro de 2019** e aceptaranse curtametraxes galegas, isto é:

- Curtametraxes producidas por produtoras de Galicia ou de fóra de Galicia cuxa dirección sexa galega
- Curtametraxes que estean en lingua galega
- Curtametraxes localizadas en Galicia

- A inscrición no certame será gratuíta e deberá facerse a través dun formulario que se atopará na páxina web do festival.
- Cada persoa autora ou promotora poderá presentar o número de curtas que desexe.
- Quedaran excluídos os traballos de índole publicitaria ou que atenten contra a dignidade das persoas por discriminación de sexo, relixión, raza, orientación sexual, etc.
- O festival componse de tres seccións competitivas: Sección Oficial, Sección Animación e Sección Videoclips.

SECCIÓN OFICIAL

- Poderán ser presentadas á **SECCIÓN OFICIAL** todas as curtametraxes rematadas con posterioridade ao **1 de xaneiro de 2017** e que non teñan sido seleccionadas no festival en edicións anteriores.
- A duración máxima dos filmes será de **20 minutos** máis títulos e créditos.
- As curtametraxes presentaranse nunha das **dúas linguas oficiais** da Comunidade Autónoma de Galicia.
- A organización aceptará **todos os xéneros**.

SECCIÓN ANIMACIÓN

- Poderán ser presentadas á **SECCIÓN ANIMACIÓN** todas as curtametraxes animadas rematadas con posterioridade ao **1 de xaneiro de 2017** e que non fosen seleccionadas no festival en edicións anteriores.
- A duración máxima dos filmes será de **20 minutos** máis títulos e créditos.
- As curtametraxes presentaranse nunha das **dúas linguas oficiais** da Comunidade Autónoma de Galicia.

SECCIÓN VIDEOCLIPS

- Poderán ser presentados a **SECCIÓN VIDEOCLIPS** todos os vídeos musicais rematados con posterioridade ao **1 de xaneiro de 2018** e que non fosen seleccionados no festival en edicións anteriores.
- A duración máxima dos filmes será de **10 minutos** máis títulos e créditos.
- Os vídeos deberán ser de bandas ou artistas que empreguen o **idioma galego** co fin de fomentar a creación musical en lingua galega.

INSCRICIÓNS

- As inscricións faranse a través do formulario aloxado na páxina web do festival (<http://curtas.armadinha.gal>). O período de inscricións comprenderá do **1 de xuño ao 31 de xullo de 2019**.
- Para a preselección, as curtas deberán ter o seguinte formato:
 - Formato dixital mov, mp4 ou ogv
 - Resolución mínima: 720p
 - Audio: AAC ou OGG
 - O arquivo non debe superar os 2Gb
- Os arquivos enviados pasarán a formar parte dos fondos da ACDeM Armadiña, que se compromete a empregar as copias

con propósitos exclusivamente culturais e non comerciais.

- As curtas seleccionadas para o festival serán publicadas na páxina web oficial do festival aproximadamente un mes antes do seu comezo.
- O formato de proxección será mov, ogv ou mp4, resolución FULL HD 1920×1080p, audio AAC ou OGG.
- As persoas seleccionadas enviarán un arquivo cun EPK (Electronic Press Kit) composto de:
 - Teaser da súa obra a efectos de promoción, de ser o caso
 - Cartel publicitario e/ou fotogramas (300 PPI) representativas da película
 - Sinopse en galego
 - Fotografía e biografía da persoa responsable da dirección
 - Palmarés da película
 - Páxina web e ligazóns ás redes sociais das películas, de ser o caso
 - Clasificación de idades
- Coa inscrición da curta e a conseguinte aceptación das bases, as persoas titulares das obras cédennlle á ACDeM Armadiña o dereito a proxectar devanditas obras nas actividades culturais extraordinarias que poidan organizar con posterioridade á celebración deste festival.

XURADO

- Existirán diferentes xurados en función da sección:
- **XURADO OFICIAL.**- Estará composto por diferentes profesionais do mundo audiovisual e cultural, así como dun representante da organización. Os seus integrantes decidirán a mellor curtametraxe da sección oficial e a mellor peza da sección de animación. Enviaráselle o conxunto de curtas seleccionadas para o certame.
- **XURADO NOVO.**- Estará composto por alumnado do IES de Poio de entre 15 e 17 anos. Os membros deste xurado decidirán o mellor vídeo musical en galego de entre unha preselección de pezas realizada previamente pola organización.
- **PÚBLICO.**- Despois de cada sesión, os asistentes poderán votar as películas proxectadas introducindo os seus votos nunha urna que se colocará á saída da sala. A película máis votada polo público, que se escollerá empregando a media aritmética, recibirá o premio do público, a Áncora de Prata.
- O xurado poderá deixar deserta calquera categoría e tomar calquera decisión relativa a aspectos non considerados nestas bases

CATEGORÍAS E PREMIOS

- **ÁNCORA DE OURO Á MELLOR CURTAMETRAXE.**- Premio principal do festival. Outorgado polo xurado oficial. Consistirá nun trofeo con forma de áncora e un talón por valor de 1 000 €.
- **ÁNCORA DE PRATA Á MELLOR CURTAMETRAXE.**- Outorgado polo público. A representación da curtametraxe gañadora recibirá un trofeo con forma de áncora e un talón por valor de 500 €.
- **ÁNCORA Á MELLOR CURTAMETRAXE ANIMADA.**- Outorgado polo xurado oficial. A representación da curtametraxe gañadora recibirá un trofeo en forma de áncora e un talón por valor de 500 €.
- **ÁNCORA AO MELLOR VÍDEO MUSICAL.**- Outorgado polo xurado novo. A peza musical gañadora recibirá un trofeo en forma de áncora e mais un talón por valor de 300 €.
- Os premios están suxeitos á súa correspondente retención fiscal.
- Ningún organizador do festival da presente edición poderá figurar nos créditos dos traballos a concurso.
- Non será obrigatorio que as persoas creadoras das curtas premiadas ou representantes legais das mesmas estean presentes na entrega de premios que terá lugar o domingo 17 de novembro, mais si será necesario un vídeo de agradecemento.
- Os trofeos serán pezas escultóricas orixinais creadas exclusivamente para o festival.

COMUNICACIÓN E DEREITOS DE EXHIBICIÓN

- A organización do evento resérvase o dereito a tomar unha mostra das curtas seleccionadas para usar na difusión oficial do festival, así como para empregar en materiais con fins promocionais (programa, cartaz, prensa, redes sociais...).

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNIS

- A organización entende que as persoas participantes son titulares dos dereitos das curtametraxes que presenten. En calquera caso, a organización non se fai responsable das posibles infraccións derivadas deste aspecto.
- As películas seleccionadas serán proxectadas publicamente durante o festival de acordo cun calendario programado, entendendo que os participantes autorizan estas proxeccións desde o momento da súa inscrición no festival.
- A organización resérvase o dereito a alterar, modificar ou suspender o programa do festival en calquera momento.
- A inscrición no V Curtas Armadiña implica a aceptación destas bases.